

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 28 de abril de 2023

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 28/04/2023
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 28/04/2023.
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Memoria Provisional do Máster en Enxeñaría de Minas para o curso académico 2023-2024.
- V. Cadro de adaptación entre o plan en extinción G310 - Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e o plan actual G311 - Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- VI. Cadro de adaptación entre o plan en extinción G290 - Grao en Enxeñaría da Enerxía e o plan actual: G291 - Grao en Enxeñaría da Enerxía
- VII. Rexistro R3-PE02 P1 Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 15 de marzo de 2023.**

O borrador da acta achegouse por correo xunto coa convocatoria. O profesor Benito Vázquez sinala unha errata na listaxe de actividades recollidas no informe da directora. A directora sinala que se procederá a corrixir o erro.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión coa modificación indicada; esta será publicada na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola, de acceso libre:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

2. Informe da Directora

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

3. Ratificación, se procede, da composición da Comisión Académica do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga.

A Directora indica que se trata dun título interuniversitario, polo que ten varios niveis de toma de decisións. Indica que por unha banda hai unha Comisión Interuniversitaria, con representación igualitaria das tres universidades (Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo) e por outro lado hai una Comisión no seo da UVIGO. A proposta de composición da CAM para o traballo no seo da Uvigo é a seguinte:

Cargo	Nome e apelidos
Presidenta	María Araújo Fernández
Vocal	Mercedes Solla Carracelas
Vocal	Roberto Bustillo Bolado
Vocal	Ángeles Sanromán Braga
Vocal	Javier Martínez Torres

Proponse, ademais, que os 3 primeiros formen parte da CAM interuniversitaria xunto cos representantes da UDC e da USC. Nesta comisión, máis adiante, haberá que nomear un representante do alumnado.

A Xunta de centro ratifica a composición da CAM por asentimento.

Agradece a María Araújo o traballo realizado en todo o proceso de implantación da titulación.

4. Aprobación, se procede, da memoria provisional de modificación da titulación “Máster Universitario en Enxeñaría de Minas”.

A Presidenta sinala que a memoria provisional (Anexo IV) foi aprobada na sesión do 27 de abril da Comisión Académica do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.

Lembra que no 2019 propúxose facer unha modificación conxunta das titulacións de grao e máster da Escola, dado que se tiñan identificadas cuestións que non estaban ben resoltas entre as titulacións de grao e a de máster (solape e/ou repetición de contidos, necesidade de actualizar e incorporar novos contidos e competencias, etc.). Indica que xa se acometeu a modificación dos graos e no próximo curso vaise implantar o cuarto curso dos graos, polo tanto é necesario implantar o primeiro curso do máster no curso 2024/25.

Sinala que a entrada en vigor do “*Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, por el que se establece la organización de las enseñanzas universitarias y del procedimiento de aseguramiento de su calidad*”, supón unha dificultade engadida, dado que modificouse o formato e estrutura de contidos das memorias de verificación, polo que é necesario elaborar a memoria de modificación novamente. Sinala tamén que a recente concesión do Selo EURACE para a titulación fai necesario non modificar substancialmente as materias nas que se basea a obtención do Selo (fundamentalmente as materias obrigatorias).

Sinala que a meirande parte do título non se modifica. Amosa e comenta a memoria, indicando as diferenzas respecto ao formato da memoria anterior, salientando os aspectos principais e as modificacións introducidas no plan de estudos e sinala as dificultades

atopadas e as dúbidas e cuestións pendentes que serán resoltas na seguinte fase do deseño do título, na elaboración da memoria definitiva.

A Xunta de Escola aproba a memoria por asentimento.

A Directora agradece o traballo realizado pola CAM.

5. Aprobación, se procede, da modificación dos cadros de adaptación entre o plan en extinción: G310 - Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, e o plan actual: G311 - Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

A Directora amosa o cadro proposto (Anexo V) e cede a palabra a M. Carmen Romo, quen aclara que as materias marcadas en azul non estaban incluídas na táboa actual. O obxectivo deste punto é incluílas no cadro para que poidan recoñecerse de xeito automático.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, o cadro de adaptación.

Agradece a M. Carmen Romo o traballo realizado.

6. Aprobación, se procede, da modificación dos cadros de adaptación entre o plan en extinción: G290 - Grao en Enxeñaría da Enerxía, e o plan actual: G291 - Grao en Enxeñaría da Enerxía.

A Directora amosa o cadro proposto (Anexo VI) e cede a palabra a M. Carmen Romo, quen aclara que as materias marcadas en azul non estaban incluídas na táboa actual. O obxectivo deste punto é incluílas no cadro para que poidan recoñecerse de xeito automático.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, o cadro de adaptación.

Agradece a M. Carmen Romo o traballo realizado.

7. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora cede a palabra a Guillermo García, Coordinador de Calidade, quen sinala que o rexistro *R3-PE02 P1 Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas*, do procedemento PE02 P1 Xestión do PDI, está pendente de aprobación. Como en anos anteriores, o 10 de marzo abriuse o proceso co envío dun e-mail solicitando a comunicación das necesidades por parte do PDI. Amosa o rexistro proposto (Anexo VII) no que se recolle o feito de que non hai ningunha proposta de actividade formativa dende o centro xa que neste curso o profesorado non achegou ningunha solicitude.

A Xunta de Escola aproba o rexistro por asentimento.

8. Rogos e preguntas.

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13 horas e 48 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e oito de abril de dous mil vinte e tres.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 28/04/2023

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 28/04/2023

ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DENDE 28/04/2023

Profesorado

1. Elena Mercedes Alonso Prieto
2. María Araújo Fernández
3. Marta M^a Cabeza Simó
4. Marcos Conde Fontenla
5. Pablo Eguía Oller
6. Guillermo García Lomba
7. Eduardo Giráldez Pérez
8. María Iciar Goicoechea Castaño
9. Elena González Rodríguez
10. David Patiño Vilas
11. Raquel Pérez Orozco
12. María Carmen Pérez Pérez
13. Juan Jesús Rico Fuentes
14. M^a Teresa Rivas Brea
15. Javier Taboada Castro
16. José Benito Vázquez Dorrió
17. Javier Vijande López

Alumnado

18. Carmen Alonso Pérez
19. Alejandro Casal Barreiro
20. Santiago Domínguez Blanco
21. Mateo Salgado Díaz

Persoal de Administración e Servizos

22. Jesús García Caurel
23. María Mayte Marcote Pereira
24. M^a José Martínez Martín
25. M^a Carmen Romo Pérez

Desculpan a súa ausencia

- Leandro Rafael Alejano Monge
- Pedro Arias Sánchez
- Francisco Javier Deive Herva
- José Bienvenido Díez Ferrer
- Andrés Elías Feijoo Lorenzo
- Fernando María García Bastante
- Eduardo Liz Marzán
- Ana María Rodríguez Rodríguez

ANEXO III

Informe da Directora

ANEXO IV

Memoria provisional de modificación da titulación “Máster Universitario en Enxeñaría de Minas”

ANEXO V

Cadro de adaptación entre o plan en extinción G310 - Grao
en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
e o plan actual G311 - Grao en Enxeñaría dos Recursos
Mineiros e Enerxéticos

ANEXO VI

Cadro de adaptación entre o plan en extinción

G290 - Grao en Enxeñaría da Enerxía

e o plan actual: G291 - Grao en Enxeñaría da Enerxía

ANEXO VII

Rexistro R3-PE02 P1 Listaxe de accións formativas derivadas
de necesidades detectadas